

RESOLUCIÓN REITORAL AO ABEIRO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS AO DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN FÍSICO-DEPORTIVA E CULTURAL ORGANIZADAS POLO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO EXERCICIO 2025

Vista a solicitude de axuda presentada por MATEO BODENLLE VILLARINO, unha vez avaliada a documentación achegada, esta vicerreitoría resolve:

1.- Conceder unha axuda de 398,40 euros para o desenvolvemento da actividade TORNEO INTERPASOS ETSE.

2.- A contía concedida destinarase exclusivamente aos conceptos recollidos no seguinte orzamento:

Tipo de gasto		Prezo ud.	IVE	Importe
Pack Trofeos	1	53,72	21%	65€
Árbitros – semis y finales(h)	4	10	21%	48,40€
Aluguer de campos/pavillón (estimado para 27h totales)	1	220	0%	220€
	35	0,83	21%	35€
Augas/refrescos para participantes	1	30	0%	30€
Cartelería/difusión (estimado)				
Total				398,4€

3.- Dado que os pagamentos derivados da aplicación das axudas serán tramitados e librados directamente polo centro de gasto da Vicerreitoría de Estudantes e Cultura aos perceptores últimos, a persoa solicitante será quen de facer as xestións no dito centro de gasto antes de efectuar calquera pagamento, ata completar a contía concedida.

4.- Os gastos deben ser executados antes do 15 de novembro de 2025.

5.- Na difusión das actividades farase constar que foron financiadas ou co-financiadas pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da USC.

6.- No prazo dun mes dende a finalización da actividade aprobada e, en todo caso antes do 20 de novembro de 2025, a persoa beneficiaria deberá enviar

á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura (vr.estudantes@usc.gal) unha memoria da actividade realizada co contido exixido no Anexo I da presente Resolución con fotografías da actividade realizada.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte o da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaía resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O Reitor

(Por delegación de competencias. R.R. do 21 de abril de 2022, DOG do 26 de abril de 2022)

A Vicerreitora de Estudantes e Cultura

Pilar Murias Fernández

ANEXO I. MODELO DE MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ACTIVIDADE	
Persoa responsable:	
Enderezo electrónico de contacto:	
Centro de pertenza:	
Titulación e curso:	
Nome da actividade:	
Código da actividade:	
Obxectivos:	
Memoria da actividade:	

O texto da memoria descritiva deberá incluír información sobre os seguintes elementos:

- Descrición da actividade realizada:
- Fotografías da actividade:
- Datas, horas e lugares:
- Nº de centros:
- Nº real de participantes:
- Medidas para asegurar a equidade de xénero:
- Medidas para reducir o impacto ambiental:
- Medios de comunicación, difusión da actividade (exemplos)
- Instrumentos para a avaliación das actividades (debe ir acompañado de facturas xustificativas)

Relación de gasto executado:

Concepto	Nº ud.	Prezo ud.	IVE	Importe
			Total	

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL PILAR MURIAS FERNANDEZ, VICERREITORA DE ESTUDANTES E CULTURA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 19/02/2025 12:05:09.

CSV: 98B4-B7AA-45B6-9424